Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Xestión de Proceso de Negocio		Código	614G01042
Titulación	Grao en Enxeñaría Informática			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónComputación			
Coordinación	Pedreira Fernández, Oscar	Correo electrónico	oscar.pedreira@udc.es	
Profesorado	Condori Fernández, Olinda Nelly Pedreira Fernández, Oscar	Correo electrónico	n.condori.fernandez@udc.es oscar.pedreira@udc.es	
Web	https://moodle.udc.es/			
Descrición xeral	O deseño e construción dos Sistemas de Información esixe un coñecemento profundo e unha correcta conceptualización tanto da información necesaria (modelos de datos) coma dos procesos que necesitan realizar as Empresas e Organizacións para cumprir os seus obxectivos. Esta materia céntrase na vertente proceso, analizando as técnicas e estándares máis importantes para o deseño destes. Faise fincapé na utilización de patróns e como as diferentes alternativas de deseño resólvenos. Afóndase na linguaxe gráfica BPMN de modelización sobre a que se desenvolven os exercicios que finalmente se implementar sobre unha plataforma de execución en prácticas. Estúdase a arquitectura dos sistemas de xestión de fluxos de traballo (workflow) de acordo cos estándares do Wfmc. Como base para estes faise unha introdución ás redes de Petri sobre as que tamén se realizan exercicios. Unha parte fundamental dos procesos de negocio é a súa imbricación coa Estrutura Organizativa, así como as posibilidades de optimización de procesos sobre a base de monitorización e simulación.			

Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán modificacións substanciais sobre o contido da materia, máis aló de adaptacións puntuais debidas a posibles reducións no número de horas lectivas. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manteranse as metodoloxías docentes previstas. No caso de pasar a un modelo de docencia en remoto, estas metodoloxías desenvolveranse a través de medios telemáticos, como Moodle, Teams e Stream. *Metodoloxías docentes que se modifican 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado A atención ao alumnado realizarase a través das ferramentas de traballo online proporcionadas pola Universidade da Coruña, tras solicitalo o alumnado. 4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: Manteranse as porcentaxes consideradas inicialmente nesta guía docente de cara á avaliación. En caso de pasar a un modelo de docencia e avaliación en remoto, as actividades de avaliación desenvolveranse online utilizando as ferramentas proporcionadas pola Universidade da Coruña. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se modifican os recursos e/ou bibliografía empregados na materia.

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A46	Capacidade de integrar solucións de tecnoloxías da información e as comunicacións e procesos empresariais para satisfacer as necesidades de información das organizacións, permitíndolles alcanzar os seus obxectivos de forma efectiva e eficiente, e dándolles así vantaxes competitivas.
A49	Capacidade para comprender e aplicar os principios e as prácticas das organizacións, de forma que poidan exercer como enlace entre as comunidades técnica e de xestión dunha organización, e participar activamente na formación dos usuarios.
B1	Capacidade de resolución de problemas
B2	Traballo en equipo
B3	Capacidade de análise e síntese
B4	Capacidade para organizar e planificar
B5	Habilidades de xestión da información
B6	Toma de decisións
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
- Analizar procedementos e xustificar no seu caso a racionalización destes. - Representar procesos de negocio utilizando Business Modelling Technology (BMT). - Comprender o concepto e alcance de Sistema de información Empresarial, e entender o papel dos sistemas de información na estratexia empresarial. - Comprender e identificar as novas tendencias en software empresarial e os seus compoñentes. - Comprender e recoñecer a innovación nos procesos de negocio mediante o uso de Tecnoloxías da información.	A46 A49	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C2 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
I. Modelado de procesos	- Conceptos básicos sobre procesos. - Introducción ao modelado de procesos. - Redes de Petri. - Modelado de procesos con BPMN.
II. Automatización de procesos	- Conceptos básicos sobre automatización de procesos. - Motores de automatización de procesos. - Arquitectura dun sistema BPM. - Xestión de datos. - Tarefas. - Portas. - Páxinas e formularios. - Actores. - APIs.
III. Arquitectura orientada a servizos e BPM	- Introducción a SOA. - Tecnoloxías de integración. - SOA e BPM. - A linguaxe BPEL.
IV. Os procesos de negocio nas organizacións	- Os sistemas de información nas organizacións. - Xestión baseada en procesos. - Xestión da calidade e procesos. - Mellora continua e re-enxeñaría de procesos. - Procesos e sistemas de información.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A49 B2 B3 C2 C6 C7 C8	21	0	21
Proba obxectiva	A46 B1 B3 B4 B6	4	0	4
Traballos tutelados	A46 B3	4	32	36
Prácticas de laboratorio	B1 B4 B5	14	45	59
Atención personalizada		30	0	30
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición do profesor en clase
Proba obxectiva	Exame teórici/práctico
Traballos tutelados	Os alumnos deben de realizar e defender os traballos
Prácticas de laboratorio	Resolución de casos prácticos con emprego de ferramentas

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Prácticas de laboratorio	Se resolven a dúbidas dos alumnos

Avaliación			
Metodoloxías	**Competencias**	**Descrición**	**Cualificación**
Prácticas de laboratorio	B1 B4 B5	O alumno deberá demostrar a capacidade de aplicar os coñecementos explicados na clase de teoría en exercicios prácticos	30
Proba obxectiva	A46 B1 B3 B4 B6	Exame que xulgará o coñecemento adquirido polo alumno acerca da materia	40
Traballos tutelados	A46 B3	Realización dun ou máis traballos relacionados coa materia. Defenderase ante o profesor ou en clase.	30

Observacións avaliación
Para superar a materia e preciso aprobar cada unha das tres partes. Os alumnos que teñan concedida a dispensa de asistencia a clase ("tempo parcial") serán avaliados en horario fóra de clases convido entre profesor e alumno.

Fontes de información	
Bibliografía básica	- Michael Havey (2005). Essential Bisiness Process Modeling. O´Reilly - Stephen A. White y Derek Miers (2010). BPMN - Guía de referencia y modelado. Future Strategies Inc. - B. Manouvrier y L. Menard (2007). Application Integration EAI,B2B,BPM and SOA. iSTE - Alberto R. Lardent (2001). Sistemas de Información para la Gestión Empresarial. Prentice Hall - International Institute of Business Analysis (2009). Business Analysis Body of Knowledge (BABOK Guide). IIBA - Software AG (2012). Guía inteligente para BPM Empresarial. Software AG (Serir Get There Faster) - Thomas Allweyer (2010). BPMN 2.0 Introduction to the Standard for Business Process Modeling. Herstellung und Verlag: Books, Norderstedt - Bruce Silver (2009). BPMN Method & Style. Code-Cassidi Press
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías